



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OROSO

Aprobación inicial de expediente de modificación do anexo de persoal do Concello de Oroso para o exercicio económico de 2026

EXPEDIENTE: 2026/T002/000002.

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL DO CONCELLO DE OROSO PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2026.

Como consecuencia da aprobación inicial polo Pleno do Concello na súa sesión extraordinaria de data 05 de febreiro de 2026 do expediente de modificación de créditos número 02/2026 na modalidade de suplemento de crédito financiado mediante baixas por anulación de outras partidas que se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo e mediante a utilización do fondo de continxencia, prestouse igualmente aprobación inicial á modificación do anexo de Persoal do Concello de Oroso para o exercicio económico de 2026 aprobado polo Pleno do Concello na súa sesión ordinaria de data 27 de novembro de 2026.

Dita modificación do anexo de persoal expone ao público polo prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte á publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia durante os cales os interesados poderán examinalo nas oficinas de Intervención-Tesouraría e interpoñer no seu caso as reclamacións que estimen oportunas.

Transcorrido o devandito prazo sen interposición de reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

Oroso, 12 de febreiro de 2026

O Alcalde-Presidente

Alexander Doval Expósito.

2026/903